



[**Asociación Hispalink-Galicia: Anexo ao Boletín Económico, BE-AHG, 2018**](#)

Artigos do Congreso Extraordinario de 50 Anos de Estudios Económicos de Galicia, publicados na Revista Galega de Economía (versión galego e versión castelán): <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm>

Volume 27, No 3 (2018). Número Extraordinario. 50 Aniversario dos Estudos de Economía en Galicia



Presentación (galego e castelán)

Prólogo de Emilia Vázquez Rozas, Decana da Facultade [PDF](#) [PDF](#)
I-II

Prólogo de Francisco Conde López, Excmo. Sr. Conselleiro de Economía, Emprego e Industria [PDF](#) [PDF](#)
III

Prólogo de Valeriano Martínez García, Excmo. Sr. Conselleiro de Facenda [PDF](#) [PDF](#)
IV

Prólogo de Luis Caramés Viéitez, Catedrático da USC, ex Decano da Facultade [PDF](#) [PDF](#)
V

Prólogo de María-Carmen Guisán Seijas, Directora da Revista [PDF](#) [PDF](#)
VI

Artigos (galego)

[PRINCIAIS INDICADORES ECONÓMICOS DE GALICIA: 50 ANOS DE EVOLUCIÓN DA PRODUCCIÓN E DO EMPREGO, 1967-2017](#), María del Carmen Guisán, Maite Cancelo [PDF](#)
1-16

[GALICIA PERANTE O RETO DA AUTOMATIZACIÓN DO TRABALLO](#), Juan Ramón García [PDF](#)
17-28

[O CICLO DA DESIGUALDADE SALARIAL E O PAPEL DO MERCADO DA VIVENDA](#), Laura Hospido [PDF](#)
29-34

[A IMPORTANCIA ECONÓMICA DA PESCA EN GALICIA](#), María Do Carme García-Negro, Gonzalo Rodríguez-Rodríguez, Fernando González-Laxe [PDF](#)
35-48

[RECURSOS ENERXÉTICOS E MINEIROS](#)

Xosé Antón Rodríguez González, Xoán Ramón Doldán García, Rosa María Regueiro Ferreira [PDF](#)
49-64

[O TURISMO COMO FONTE DE RIQUEZA EN GALICIA: ANÁLISE DALGUNHAS EXPERIENCIAS](#)

Fidel Martínez Roget, María Nava Castro Domínguez, José Antonio Fraiz Brea [PDF](#)
65-80

[A UNIVERSIDADE DE ONTE A HOXE: DA ANTIGÜIDADE Á CALIDADE. SITUACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA.](#)

José Alberto Díez De Castro, J. Eduardo López Pereira, José Carlos De Miguel Domínguez, M.ª Emilia Vázquez Rozas [PDF](#)
81-86

[40 ANOS DE FACENDA AUTONÓMICA EN GALICIA](#)

Miguel Angel Vázquez Taín [PDF](#)
87-100

[TEORÍA FINANCIERA E CRISE: UNHA REVISIÓN DA RACIONALIDADE DO INDIVIDUO DENDE A TEORÍA DO COMPORTAMENTO](#)

José Antonio Redondo López, Loreto Fernández Fernández [PDF](#)
101-110

[REGULACIÓN FINANCIERA E CRISE: ONTE, HOXE E MAÑÁ](#)

Juan Ramón Quintás Seoane [PDF](#)
111-120

[O MUNDO DE HOXE: O SOÑO EUROPEO NA ENCRUCILLADA](#)

Emilio Pérez Touriño [PDF](#)
121-128

[OS INCENDIOS FORESTAISS E O SEU SU IMPACTO ECONÓMICO: PROPOSTA PARA UNHA AXENDA INVESTIGADORA](#)

Maria L. Loureiro, Maria Alló [PDF](#)
129-142

[50 ANOS DE INVESTIGACIÓN ECONÓMICA EN GALICIA, 1967-2017.](#)

María Del Carmen Guisán Seijas [PDF](#)
143-166

27-3-01.

[PRINCIPALES INDICADORES ECONÓMICOS DE GALICIA: 50 ANOS DE EVOLUCIÓN DA PRODUCIÓN E DO EMPREGO, 1967-2017](#), GUISÁN, María del Carmen, CANCELO, Maite, Departamento de Economía Cuantitativa, USC

Resumo:... A economía de Galicia experimentou importantes cambios nos 50 anos do período 1967-2017, con aspectos positivos como a mellora da produtividade e da renda real por habitante e o incremento do emprego non agrario (de menos de 500 mil a mais de 900 mil)....pero non suficiente pra compensar a diminución do emprego agrario e isto provocou que moitas comarcas de Galicia perderan poboación nas últimas décadas. Incluímos datos e gráficos dalgúns dos principais indicadores económicos tanto a nivel rexional como provincial, comarcal e municipal.... destacando a importânci da industria, do gasto en I+D, e doutras variables...e tratando de superar a etapa de políticas de austeridade excesiva da Unión Europea...

27-3-02.

[GALICIA PERANTE O RETO DA AUTOMATIZACIÓN DO TRABALLO](#), Juan Ramón GARCÍA, BBVA Research

Resumo:Utilízanse os microdatos da mostra anual da EPA entre 2011 e 2016 para determinar as características persoais e laborais que condicionan o risco de que un traballador en Galicia sexa substituído por una máquina. Os resultados das estimacións amosan que a probabilidade de automatización diminúe co grao de responsabilidade, o nivel educativo, a disposición a participar en accións formativas e a adopción de novas formas de traballo, como o teletraballo, e é comparativamente reducida para os ocupados en educación, sanidade, servizos sociais, TIC, enerxía e actividades artísticas ou científico-técnicas....

27-3-03

[O CICLO DA DESIGUALDADE SALARIAL E O PAPEL DO MERCADO DA VIVENDA](#), Laura HOSPIDO,

Banco de España e IZA

Resumo: En moitos países, a destrucción de emprego durante a última crise económica explicase en boa maneira polo sucedido no mercado da vivenda...No caso de España o aumento e posterior diminución na demanda de traballadores da construcción tivo un gran impacto non só no emprego senón tamén na desigualdade salarial (Bonhomme e Hospido, 2017). De feito, a evolución da desigualdade salarial nas últimas décadas foi fortemente contracíclica....

27-3-04

[A IMPORTANCIA ECONÓMICA DA PESCA EN GALICIA](#), María do Carme GARCÍA-NEGRO¹, Gonzalo RODRÍGUEZ-RODRÍGUEZ¹, Fernando GONZÁLEZ-LAXE². ¹Dpto de Economía Aplicada da USC. Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais. ²Dpto. de Economía Aplicada da UDC. Ex-Presidente da Xunta de Galicia.

Resumo: A partir da Táboas input-output da Pesca-Conserva Galega 2011 podemos sostener que o complexo mar-pesca galega, acadou en 2011 unha cifra de producción de 3.705,4 millóns de euros, dos que 2.434,7 lle corresponden a industria conserveira e de alimentos do mar e 1.270,7 ao conxunto dos sectores marisqueiro, pesqueiro, mitícola e piscícola mariño, derivándose deles os impactos directos e indirectos, fundamentalmente sobre a economía galega, pero tamén sobre a economía española e mundial. Da análise da función de producción da pesca galega despréndese que constitúe unha actividade económica cun elevado poder de arrastre...A relación económica directa ven expresada pola dependencia cos 74 sectores que aparecen nas táboas, pero indirectamente relaciónnase á súa vez con todos e cada uns dos que destes dependen. Así mesmo, constátase que se trata dunha actividade económica claramente industrial.

27-3-05

[RECURSOS ENERXÉTICOS E MINEIROS](#), RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Xosé Antón^a, DOLDÁN GARCÍA, Xoán Ramón^b, REGUEIRO FERREIRA, Rosa M.^{b,a} Departamento de Economía Cuantitativa- USC. ^b Departamento de Economía Aplicada- USC

Resumo: Na temática dos recursos enerxéticos e mineiros, analizarase a evolución no ámbito galego e as perspectivas de futuro, dentro do español e internacional. Na actualidade, utilizase un grande volume de recursos enerxéticos propios, mais a capacidade de transformación enerxética require importacións crecientes de enerxía primaria (petróleo, carbón ou gas natural) para exportar enerxía transformada. A desaparición da minaría enerxética fixo perder peso á actividade mineira en Galicia, o que, xunto á caída da minaría metálica, levou a que a este sector se centre en materiais ligados fundamentalmente a actividades da construcción.

27-3-06

O TURISMO COMO FONTE DE RIQUEZA EN GALICIA: ANÁLISE DALGUNHAS EXPERIENCIAS. Fidel MARTÍNEZ ROGET¹, María Nava CASTRO DOMÍNGUEZ², José Antonio FRAIZ BREA³. ¹ Profesor do Departamento de Economía Aplicada, USC. ² Directora de Turismo da Xunta de Galicia. ³ Profesor do Departamento de Organización de Empresas e Marketing. Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense. UVIGO.

Resumo: ...Neste traballo analízase o Camiño de Santiago como un recurso estratéxico do turismo en Galicia, e tamén o potencial doutras modalidades de turismo como son o turismo termal e o turismo rural... O turismo representa na actualidade máis do 11% do PIB e o 12% do emprego da Comunidade. Incrementar a duración das estancias, reducir a estacionalidade turística, incrementar o peso do turismo internacional e orientar a actividade cara unha senda compatible co desenvolvemento sostible, son algúns dos retos a arrostrar nun futuro inmediato.

27-3-07

A UNIVERSIDADE DE ONTE A HOXE: DA ANTIGÜIDADE Á CALIDADE. SITUACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA. DIEZ DE CASTRO, José Alberto. Secretario Xeral de Universidades, Xunta de Galicia. LÓPEZ PEREIRA, J. Eduardo. Director da ACSUG, Xunta de Galicia. de MIGUEL DOMÍNGUEZ, José Carlos Profesor "Ad Honorem" USC. VÁZQUEZ ROZAS, M.^a Emilia. Decana da Facultade em 2018. USC.

Resumo: No Sistema Universitario de Galicia (SUG) hai 10 obxetivos para aumentar a calidade: 1. Graos interuniversitario 2. Graos en inglés. 3. Mellora ns ránkings internacionais (ARWU o Shanghai, THE, QS). 4. Mapa de empregabilidade dos titulados. 5. Premios á excelencia académica Concepción Arenal. 6. Complemento de transferencia do coñecemento. 7. Másteres oficiais de excelencia. 8. Captación de alumnado universitario iberoamericano. 9. Xestión de unidades de excelencia investigadora no SUG. 10. Novos perffís profesionais

27-3-08

40 ANOS DE FACENDA AUTONÓMICA EN GALICIA. Miguel Angel VÁZQUEZ TAÍN, USC

Resumo: O aniversario dos 50 anos dos estudos de economía en Galicia coincide tamén con outra efeméride de gran transcendencia para a nosa Comunidade: no ano 2018 se compren 40 anos dos primeiros pasos da autonomía de Galicia e, con ela, da súa facenda. Aproveitamos polo tanto os actos que está a organizar a Facultade de CC. Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela conmemorando o primeiro fito, para facer un repaso do que foi a configuración e evolución do sector público autonómico dende a perspectiva da súa facenda.

27-3-09

TEORÍA FINANCIERA E CRISE: UNHA REVISIÓN DA RACIONALIDADE DO INDIVIDUO DENDE A TEORÍA DO COMPORTAMENTO. José Antonio REDONDO LÓPEZ, Loreto FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Dep. Economía Financeira e Contabilidade, USC

Resumo: ...Resulta claro que os mercados fracasaron, pero, indubidablemente, alimentados por políticas regulatorias que, en nome da "sacrosanta" liberdade de mercado, permitiron actuar impunemente aos operadores. E non podemos esquecer o fracaso de modelos teóricos que, alimentados por hipóteses non contrastadas ... pretenderon dominar a irracionalidade dos mercados. Os erros do pasado non nos poden desalentar na procura dun sistema financeiro estable. Cómpre mirar cara adiante e tentar mellorar os sistemas de regulación dos mercados financeiros, evitando así crises de gran virulencia como a que vimos soportando ao longo da última década...

27-3-10

REGULACIÓN FINANCIERA E CRISE: ONTE, HOXE E MAÑÁ. Juan QUINTÁS. Foi Catedrático de Teoría Económica da USC (1973-1990) e da UDC (1990), Diputado da UCD no Parlamento Español e Director Xeral da Confederación Española de Caixas de Aforro (dende 1994)

Resumo: O tema obxecto da miña intervención, "Regulación financeira e crise: pasado, presente e futuro", aborda algunas das cuestiós primordiais na discusión financeira académica e profesional nos momentos actuais, e vouno desenvolver ao longo de tres seccións:

- I. O cambiante equilibrio entre Mercado e intervención pública.
 - II. A regulación post-crise
 - III. Avaliacián da situación actual
-

27-3-11

O MUNDO DE HOXE: O SOÑO EUROPEO NA ENCRUCILLADA, Emilio PÉREZ TOURIÑO, Profesor Ad Honorem de la USC, Ex-Presidente da Xunta de Galicia

Resumo: Para Galicia e para España no seu conxunto, a contribución de Europa ao crecemento e transformación da súa economía e da súa sociedade foron decisivos. Sobre todo, actuou de catalizador das reformas modernizadoras da súa economía, contribuíndo a superar as rixideces que historicamente a limitaban. ...En todo caso, Europa hoxe xa non é o que era a finais do pasado século: un proxecto vivo, en construcción dun poder político supraestatal e posnacional. A crise económica e financeira, a Gran Recesión, sacudiu os seus fundamentos, de xeito que debe arrostrar serios problemas... Necesítase recuperar a confianza cidadá na UE e, polo tanto, institucións plenamente democráticas que a lexitimen e incentiven o tránsito cara unha cidadanía activa en Europa...baixo os principios de representatividade e de responsabilidade, e cun executivo capaz de actuar como tal.

27-3-12.

INCENDIOS FORESTAIAS E O SEU SU IMPACTO ECONÓMICO: PROPOSTA PARA UNHA AXENDA INVESTIGADORA, María L. LOUREIRO^a Maria ALLÓ^b, ^a Departamento de Fundamentos da Análise Económica, USC, ^b Departamento de Economía , UDC

Os incendios forestais son un dos maiores problemas ambientais aos que se está a afrontar o sur de Europa dada a virulencia que están a alcanzar nestes últimos anos. Ante esta situación, é importante levar a cabo unha valoración económica de alcance, que considere ademáis dos custos directos o impacto sufrido como consecuencia da perda dos servizos ecosistémicos forestais... O obxectivo deste pequeno artigo é presentar as clasificacións máis relevantes existentes en canto aos danos dos servizos ecosistémicos perdidos, destacando as últimas metodoloxías dispoñibles e amosando ... a importancia de considerar a valoración económica deste tipo de perdidas.

27-3-13

50 ANOS DE INVESTIGACIÓN ECONÓMICA EN GALICIA, 1967-2017, María del Carmen GUISÁN SEIJAS Profesora Ad Honorem. Universidade de Santiago de Compostela (USC), Directora da RGE en 2014-2018

Resumo: Presentamos una contribución a historia da investigación económica en Galicia no período 1967-2017, cos seguintes contidos:

1) **Breve recensión histórica do período 1967-1991:** Os estudos de Economía en España tiveron como antecedente ás Escolas de Comercio....En 1966 aprobouse a creación das Facultades de Económicas de Santiago de Compostela (USC) e Valencia (UV), ..., o que permitiu a incorporación de Luis Suárez-Llanos Gómez, galego procedente da universidade de Málaga, quen habería de ser o primeiro Decano titular no período 1969-1972...Na bibliografía incluímos a referencia aos artigos de Barreiro(2007) (historia das revistas de investigación da economía de Galicia), e de Cancelo(2008) (historia da Facultade...Varios dos primeiros profesores naceron en Galicia e especializáronse nas primeiras Facultades de Economía de España (Madrid, Bilbao, Málaga e Barcelona) ou noutras países (Francia, Italia e Alemaña)

2) **Arbores académicos de Teses Doutorais en economía de Galicia.**

Incluímos información de teses de doutoramento dirixidas polos primeiros investigadores e investigadores das Facultades de Economía e Empresa de Galicia e os seus discípulos e discípulas (1974-2017). Os contidos inclúen moitos temas de interese da economía de Galicia, Europa e outras áreas.

3) **Difusión social da investigación económica realizada en Galicia.** A investigación galega de Economía ten unha destacada presenza en Dialnet e en bases especializadas internacionais (Ideas.Repec, Econ-Lit, Scopus, Latindex, RedAlyc, etc.). Mais información no artigo do Volume 27-2 da RGE:

[A Revista Galega de Economía e outras revistas de investigación económica publicadas en Galicia, 2001-2018.](#)

A Revista Galega de Economía fixo unha importante contribución á difusión social en moitos temas. Coidamos que tamén é moi necesario aumentar a visibilidade de libros e informes de interese a través de internet. Algúns Boletíns e Blogs de Economía inclúen enlaces a libros e informes de investigación económica de interese para o desenvolvemento económico e o emprego en Galicia, como os seguintes:

	<p>Blog de Galicia da AHG: https://hispalinkgalicia.blogspot.com Web da AHG: http://www.usc.es/economet/galicia.htm Con acceso gratuito desde 2018 ao libro Emprego sectorial e Participación social das mulleres en Galicia e Europa Tamén acceso gratuito a otros libros e informes</p>
---	---